


Dixitalización 3D: do mundo físico ao dixital



Xacobeo 21-22



XUNTA
DE GALICIA

A dixitalización 3D (ou escaneado 3D) consiste na obtención de formas e cores das superficies dun obxecto ou contorna, creando así unha réplica dixital.

Esta tecnoloxía leva algúns anos dispoñible, pero o aumento da capacidade de cómputo e almacenamento, a dixitalización en xeral, e o uso de aplicacións 3D en particular, tivo como consecuencia un maior uso da dixitalización 3D paralelamente á baixada de custos de equipos e software.

O auxe da sociedade dixital estendeu o uso da dixitalización 3D a novos ámbitos e sectores, tendo cabida en campos tan dispares como a industria do molde, o sector naval, o automóbil, o patrimonio, a educación, os videoxogos ou a medicina.

Con esta xornada preténdese mostrar o estado actual da tecnoloxía de dixitalización 3D (hardware e software), como se está utilizando, en que campos estáselles sacando maior rendemento, e cales son os retos destas técnicas, xa sexa con escaneado láser, luz estruturada, por medio de tomografía computerizada ou por contacto.

Contaremos con expertos das empresas Nort3D, Xeométrica, Geomati_K Ingeniería, Global Geosystems e Topcon.

Máis información e contacto

Data: **21 de setembro**

Horario: **de 9:30 a 11:30 h.**

Duración: **2 horas**

Modalidade: **en liña**

Prazo de inscrición: **ata o 20 de setembro**

Teléfono: **981 337 173**

e-mail: **infocistd.gain@xunta.gal**

PROGRAMA

- **9:30 h. Apertura.**
María José Mariño Fontenla. Directora da Área de Centros da Axencia Galega de Innovación GAIN.
- **9:40 h. Escaneado 3D en contornas industriais. Aplicacións e casos de éxito.**
Gonzalo Piñeiro Otero. NORT 3D.
- **10:00 h. Control dimensional no sector naval.**
Roberto Rodríguez Cabeceira. XEOMÉTRICA 3D.
- **10:20 h. Xeración de nubes de puntos para o sector do patrimonio e a arquitectura.**
Rubén Cifrián Touriño. GEOMATI_K INGENIERÍA .
- **10:40 h. Solucións Leica para extracción de xeometrías de pezas industriais mediante captura de realidade 3D.**
Celso González Fernández. GLOBAL GEOSYSTEMS.
- **11:00 h. Dixitalización Mixta: escáner+topografía. Modelización e verificación de modelos BIM.**
Raúl García Cantón. TOPCON.
- **11:20 h. Mesa Redonda.**



Xacobeo 21-22



XUNTA
DE GALICIA